



## **Normas de uso das pistas de tenis e pádel**

1. Estas pistas destínanse á práctica deportiva do tenis e do pádel, quedando prohibida a realización doutra actividade ou finalidade lucrativo-económica, como a impartición de clases.
2. Para xogar nas pistas é necesario estar dado de alta como usuario e ter a correspondente reserva.
3. As reservas faranse cunha antelación máxima de 7 días. O prazo para anular unha reserva será como máximo de 24 horas antes do horario solicitado.
4. As chaves recollense na Policía Local e entreganse unha vez rematado o tempo autorizado.
5. Non poderá facerse unha nova reserva sen consumir a anterior.
6. Poderán permanecer na pista un máximo de catro persoas.
7. O tempo máximo de uso da instalación restrínxese a unha hora e media.
8. Durante o tempo de utilización das pistas poderase esixir a identificación de calquera usuario como tal.
9. No caso de que un usuario despois de facer a reserva non faga uso desta, en prexuízo dos demais usuarios, será advertido e de reincidir poderá ser dado de baixa.
10. Non se permite a entrada á instalación con bicicletas, patíns, animais, envases metálicos ou de cristal.
11. Queda prohibido fumar e o consumo de chicles, pipas e similares.
12. Para usar estas instalacións será obrigatorio o uso de roupa, calzado e material de xogo axeitado á modalidade deportiva da pista. Non está permitido xogar sen camiseta.
13. Está prohibido abandonar desperdicios dentro do recinto da instalación.
14. A persoa ou usuario que intencionadamente produza algún dano farase responsable del, correndo pola súa conta a reparación deste. No caso contrario tomaranse as medidas legais oportunas.
15. Esta administración non se fará responsable de calquera tipo de incidencia acaecida como consecuencia directa do incumprimento dalgunha das normas anteriormente expostas. Os accidentes ou lesións que se ocasionen os usuarios na práctica deportiva serán asumidos polos seus respectivos seguros particulares.
16. O incumprimento dalgunha destas normas, así como facer caso omiso ás indicacións que no seu caso faga o responsable ou persoal do Concello de Redondela, será motivo suficiente para poder anular o documento acreditativo como usuario ou permisos correspondentes.
17. Prohibido fixar carteis, salvo os autorizados pola Concellería de Deportes.
18. Antes de entrar nas pistas os xogadores deberán eliminar os restos de terra ou barro que puidesen levar nas zapatillas. Do mesmo xeito, ao saír da pista, procurarán non deixar abandonados utensilios ou botellas que utilizaran.
19. O Concello de Redondela resérvase o dereito de modificar as presentes normas, cando as necesidades do servizo o requiran.